


NA·UTOPIA

RESUMO DO PROXECTO

PREMIOS MIL PRIMAVERAS

Que é Na Utopía?

Na Utopía é unha **plataforma de obradoiros online** integramente en galego. Podes coñecela en nautopiga.gal :)



Obxectivos xerais e específicos.

Queremos tanto dar a **coñecer e impulsar es creadories da Galiza e o seu traballo**, como que o público poida **aprender sobre calquera temática**, que poida aprender de persoas ás que admira, e que poida facelo **no seu idioma**, sen ter por que recorrer a outro, como habitualmente temos que facer en tantos outros eidos.



Por que en galego?

O uso do galego está caendo en picado con cada xeración, por iso **é urxente crear contido de todo tipo no noso idioma**. É imprescindible que estea onde está a xente, sobre todo onde están as novas xeracións: en internet e, polo tanto, tamén na **formación online**.



Persoas destinatarias.

Temos obradoiros para todos os gustos, polo que están dirixidos a **calquera persoa**, sexa galega ou non, que entenda o galego. Ao sermos un proxecto **100% online**, non tes por que residir en Galiza. Podes acceder aos obradoiros desde onde te atopes. Tampouco ten por que ser a lingua que uses habitualmente. Queremos facer obradoiros que queiras ver 'aínda que' estean en galego ;)



Temporalización.

O proxecto veu a luz a **finais de xuño de 2022**, aínda que comezamos a traballar nel moito antes. Nese momento contabamos con **cinco obradoiros** de temáticas diferentes. A día de hoxe contamos con **sete obradoiros** e estamos preparando os seguintes. Queremos, co tempo, conseguir ter unha **oferta ampla e variada**. Actualmente, dado os medios e recursos dos que dispoñemos, estamos gravando menos obradoiros dos que idealmente nos gustaría.



Necesidades e recursos.


Dispoñemos dun **pequeno estudio** onde gravamos os obradoiros. Contactamos con aquelas persoas que consideramos que poden encaixar no formato e compartir os seus coñecementos. Imos preparando o **guión que dará forma ao obradoiro** e acordamos unha data para realizarmos a **gravación**. Gravamos planos xerais, planos detalle e realizamos posteriormente **animacións infográficas** para facilitar a aprendizaxe e a comunicación do contido. Despois do tempo de edición do contido do obradoiro, **subímolo á plataforma web (nautopia.gal)** onde pode comprarse. Unha vez comprado, pódese acceder a el para sempre desde calquera dispositivo.



Accións, medidas e actuacións.

Actualmente contamos con sete obradoiros:

- **Técnica básica de pandeireta.** Adquire a técnica necesaria para tocares os ritmos máis básicos de pandeireta da man de Gabi Reboredo.
- **Do papel á voz.** Aprende novas ferramentas para dependeres menos do papel á hora de falar en público. Con Nuria Vil.



Accións, medidas e actuacións.

- **Introdución á gravación e mestura de cancións.**

Nando Pérez guíache nos primeiros pasos para dotares as túas gravacións caseiras de máis calidade.

- **Técnica básica do labor de gancho ou *crochet*.**

Aprende os conceptos e técnicas máis básicas do labor de gancho ou *crochet* con Sara Couselo.

- **Introdución á fotografía dixital.** Claudia Berro compartirá contigo desde cero toda a teoría e información técnica relacionada coa fotografía.



Accións, medidas e actuacións.

- **Introdución á maquillaxe de FX ou efectos especiais.** Iníciate na maquillaxe de FX ou efectos especiais recreando hematomas, feridas ou queimaduras.
- **Photoshop: De cero a heroe.** Coñece o mundo de posibilidades que pode darche Photoshop, unha das ferramentas máis interesantes para a creación dixital.



Accións, medidas e actuacións.

Na nosa web, tamén dispoñemos de **tarxetas regalo**, para que poidas agasallar a quen queiras cun dos nosos obradoiros. Enviamos unha tarxeta virtual personalizada cos nomes ou coa nota que queiras :)

NA·UTOPIA

**Hai un obradoiro
online agardando
por ti :)**

De: Para:

Entra en NAUTOPIA.GAL e rexístrate. Engade o obradoiro ao carrito, aplica o cupón **XXXXXX** e disfruta do obradoiro :)

Accións, medidas e actuacións.

Contamos tamén cun **blog** onde falamos de quen somos, por que facemos o que facemos, cales son as vantaxes de aprender online, e onde pretendemos seguir informando de cousas relacionadas co contido dos nosos obradoiros.



FORMACIÓN

Por que en galego? Temos boas razóns!

Por que en galego? Por un lado poderíamos dicir que porque si, porque nos peta. É a lingua que empregamos desde sempre e no día a día, de maneira que non tería sentido para nós facelo doutro xeito.



FORMACIÓN

5 vantaxes da formación online

Os nosos obradoiros online condensan nun tempo determinado, polo xeral non moi longo, unha materia moi concreta, á cal poderás acceder no momento en que queiras e tantas veces como sexa preciso.



FORMACIÓN

Que é Na Utopía? Coñécenos máis!

Na Utopía é unha nova plataforma. A través dos nosos obradoiros online referentes a distintos ámbitos creativos, técnicos ou divulgativos, pretendemos, sinxelamente, aprender na nosa lingua.

Accións, medidas e actuacións.

Na web podes atopar tamén a sección **'Comunidade'**, onde aparecen todas as persoas que teñen obradoiros na plataforma, con ligazóns ás súas webs ou redes. Pretendemos, co tempo, crear 'fichas' máis extensas de cada persoa, amosando o seu traballo, contacto, etc. Un lugar onde poder saber máis sobre a comunidade creativa galega.



Claudia Berro



Gabi Reboredo



Iria de Parras



Lorena García



Nando Pérez



Nuria Vil



Accións, medidas e actuacións.

Contamos tamén cunha **caixa de suxestións** na web para que calquera persoa poida comunicarnos que lle gustaría aprender, con quen lle gustaría aprender, ou calquera cousa que queira contarnos!

Suxestións

Que che gustaría aprender? Con quen? Faremos o posible por traer o contido que queres. Escríbenos!

Nome Email Teléfono

Escribe aquí a túa mensaxe...

Si, lín e acepto a [Política de privacidade](#)

Enviar

Accións, medidas e actuacións.

Temos **presenza en diferentes redes sociais** para que calquera persoa poida seguir as nosas novidades, actualizacións... Tamén subimos pequenos **clips dos obradoiros** ou algúns **trucos ou consellos** relacionados coas temáticas dos mesmos.



Accións, medidas e actuacións.

Fixéronnos algunhas reportaxes ou entrevistas en algúns **medios** como [Galicia Confidencial](#), [La Voz de Galicia](#), [Nós Diario](#), [Vinte](#), [Quincemil](#), [Portal Galego da Língua](#), [PuntoGal](#) ou no [Diario Cultural](#) da Radio Galega entre outros :)



The screenshot shows a news article from the website 'Na Utopía'. The article title is 'Lorena García, creadora de 'Na Utopía': "Hai que normalizar crear todo tipo de contido en galego na Internet"'. The author is Uxia Iglesias, and the article was published in Santiago de Compostela on 15/07/2022. The article text discusses the creation of 'Na Utopía' as a digital platform for Galician content, mentioning various digital creation techniques like pandeirata, digital photography, and recording. A portrait of Lorena García is included at the bottom of the article.

GD Política Comunicación Sociedade Economía M. Ambiente Ciencia Cultura Opinión

Lorena García, creadora de 'Na Utopía': "Hai que normalizar crear todo tipo de contido en galego na Internet"

'Na Utopía' é a primeira plataforma de obradoiros online integramente en lingua galega.

Por Uxia Iglesias | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 15/07/2022 | Actualizada ás 22:00

Técnica básica de pandeirata, introdución á fotografía dixital ou á gravación e mestura de cancións, técnica básica do labor de gancho ou crochet, ou un obradoiro para enfrontarse a falar en público. Todo isto é o que ofrece, para abrir boca, **'Na Utopía'**, un proxecto que vén de nacer ao abeiro do mundo dixital co obxectivo de ofrecer a posibilidade de aprendermos en galego e online sobre temáticas diversas. Falamos coa súa creadora, a deseñadora gráfica **Lorena García**.



Lorena García, creadora da web de obradoiros dixitais 'Na Utopía' | Fonte: *remitida*

Accións, medidas e actuacións.

Participamos no **programa Carné Xove**, para que a mocidade galega que dispón del poida obter os obradoiros cun 15% de desconto. Queremos que o noso contido sexa accesible para todo o mundo, especialmente para aquelas persoas que poidan ter máis dificultades para adquirir os obradoiros.



Accións, medidas e actuacións.

Neste tempo fixemos algunhas promocións con descontos e tamén organizamos ou colaboramos nalgúns **sorteos** como os que fixeron [@emgalego](#) no Twitter ou [Rodri Miguez](#) no TikTok.



as @emgalego
EM GALEGO @emgalego

O #Apalpador tem um presente (🎁) para vós!

Sorteamos um cartom presente de 30€ de [@nautopia_gal](#) ([nautopia.gal/tarxetas-regal...](#)), a plataforma de obradoiros online em galego. Para participardes, só tendes que seguir as instrucións da imagem abaixo.

Muita sorte a todo o mundo! 😊

[Traducir Tweet](#)

SORTEIO
DUM CARTOM PRESENTE
DE 30€ DE NA UTOPIA

Com o cartom poderás ter, para ti ou para quem queiras, o obradoiro de Na Utopia que prefiras. Photoshop, croché, fotografía, pandeireta... a escolha é tua!

INSTRUÇÕES

Segue as contas [@emgalego](#) e [@nautopia_gal](#)

Fai RT com comentário deste tweet contando-nos que novos obradoiros querías que houvesse em Na Utopia

Podes fazer vários RT se queres, mas só se vai contar **uma participación** por cada conta do Twitter

O prazo acaba no domingo **18/12/2022 às 23h59**

NA·UTOPIA ALT EM GALEGO

Avaliación.

Aínda estamos dalgunha forma no comezo e **quédanos aínda moito, moito por facer**. Desde o comezo recibimos **moi bos comentarios** sobre a iniciativa. Aínda así, consideramos que queda bastante por facer neste ámbito. Vemos que **falta confianza** para usar este tipo de plataformas, para **comprar contido dixital**, cando en outros idiomas este tipo de sitios web levan moitos anos xa funcionando. Poñeremos da nosa parte para estar á altura e que se crea e confíe en novos proxectos coma este.



POR QUE APRENDER NA UTOPIA?



APOIAR UNHA
NOVA INICIATIVA
É MOI IMPORTANTE



CREAR UNHA
COMUNIDADE CREATIVA
É MOI NECESARIO



CREAR CONTIDO
EN GALEGO É
IMPRESINDIBLE

Elixir que contido consumes é máis importante do que parece.
Podes facer desta utopía, **unha realidade.**